

*Resolución do 04 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no **corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033)**.*

Por unha Resolución do 27 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).

Por unha Resolución do 13 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).

Segundo. Ordenar a publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior.



Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

